




COSTA TRABA-CAMELLE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6 km (lineal)
Dificultade: baixa
Duración: 3 h




Unha ruta que percorre a costa polos concellos de Laxe, Vimianzo e Camariñas, onde podemos gozar de fermosas paisaxes e das caprichosas formas labradas pola erosión nos granitos rosas da serra de Pena Forcada.

COMO CHEGAR:

Desde Vimianzo ou Laxe chégase a Traba e déixase o coche en Mórdomo, no extremo oeste da praia. A ruta segue pola beira do mar por un antigo camiño polo que circulaban os carros que ían carrexar as algas. Pódense facer varios desvíos por estreitos carreiros para achegarse aos cantís e buscar as formas curiosas das rochas. A volta faise polo mesmo camiño ou búscase transporte en Camelle, onde aproveitamos para visitar a vila e o museo de Man.



Cantil na Punta da Cruz da Rosa




O Dromedario, na Punta da Cruz da Rosa. Unha das rochas máis coñecidas desta costa.



Coído da Señora



Pena Forcada (Petón da Borralla)



Vista desde As Borrallas. Ao fondo a Punta de Laxe e O Roncudo